

ACTA DA 6ª REUNIÓN DO CONSELLO DE ARQUIVOS DE GALICIA

Data: 8 de novembro de 2022

Lugar: Edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia, na Cidade da Cultura, Aula 1, e a través de videoconferencia no enlace

https://falemos.xunta.gal/Consello_Arquivos_Galicia

Hora de comezo: 12:30 h

Hora de remate: 14:00 h

Asistentes

Anxo M. Lorenzo Suárez (secretario xeral de Cultura), vicepresidente 1º

Jesús Oitavén Barcala (D.X. de Avaliación e Reforma Administrativa), vicepresidente 2º (online)

Isabel Pillado Quintáns, AMTEGA

Mª Josefa Piñón López (xefa do Servizo do Sistema de Arquivos), secretaria

Mª del Carmen Calviño Rodríguez (subdirectora xeral de Arquivos e Museos), vogal

Mª del Mar García Miraz (xefa do Servizo do Arquivo de Galicia), vogal

Carmen Prieto Ramos (directora do Arquivo do Reino de Galicia), vogal

Pablo Sánchez Ferro (director do Arquivo Histórico Provincial de Ourense), vogal

Consuelo Tacón Sanjuás (arquiteira do Consello de Contas de Galicia), vogal suplente

Alfredo Erias Martínez, arquiteiro, historiador de Betanzos, vogal

Ainhoa Leal Díaz (EXPONAV), vogal

Alfonso Cascudo Rasilla (Asociación Profesional de Traballadores Arquiteiros da Xunta de Galicia (APTAX), vogal

Xosé Francisco Domínguez Martínez (director da Fundación Penzol), vogal (online)

José Luis Mínguez-Goyanes de la Rica (Arquivo CEDAR), vogal

Orde do día

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior
2. Renovación membros do consello
3. Presentación do Plan de Arquivos da Xunta de Galicia
4. Presentación do proxecto "Memoria e Concordia"
5. Informe sobre a actividade do Consello de Avaliación Documental de Galicia
6. Informe sobre a protección do Patrimonio. Axudas aos arquivos de Galicia
7. Directrices para a substitución de documentos orixinais en papel por copias electrónicas auténticas.
8. Rolda de intervencións



Deliberacións

1. Lectura e aprobación acta da sesión anterior

Apróbase a acta da sesión anterior

2. Renovación de membros do consello

O secretario xeral de Cultura da conta do cambio dalgúns membros deste consello:

- Renovación automática da Vicepresidencia Terceira, exercida pola persoa titular do órgano de dirección da consellería ou entidade instrumental competente en materia de administración electrónica e sistemas de información. Tras o cese de Mar Pereira pasa a exercer esta Vicepresidencia Terceira Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. AMTEGA.
- Renovación de membros da FEGAMP A Federación Galega de Municipios e Provincias propón a renovación dun vogal en representación dos arquivos da Administración Local: cesa Alberto González Fernández, alcalde do Concello de Valdoviño e propónse como novo titular a Alfredo Erias Martínez, arquivista e historiador de Betanzos.
- Renovación membros representantes das Universidades galegas En representación dos arquivos das universidades galegas a secretaria Xeral de Universidades propón a substitución do vogal suplente José Felipe Fernández López, por Eva Balbina Barreiro Figueroa.
- Renovación do representante dos arquivos de xustiza: cesa Juan José Martín Álvarez e se propón como vogal titular a José Tronchoni Albert, director xeral de xustiza. Vogal suplente: Raquel Romero Iglesias, xefa do Servizo de Coordinación Técnico-Administrativa.
- Renovación Consello de Contas. Tendo coñecemento da xubilación da vogal titular Caridade Sanz solicitouse a proposta dunha persoa que a substitúa. Á esta reunión asiste a vogal suplente Consuelo Tacón.

O secretario xeral da a benvinda aos novos membros e da paso ao seguinte punto da orde do día.

3. Presentación do Plan de Arquivos da Xunta de Galicia

Anxo Lorenzo da conta do Plan de Arquivos, aprobado o pasado 20 de outubro polo Consello da Xunta de Galicia.

O Plan de Arquivos da Xunta de Galicia 2022-2026, demandado na Lei de Arquivos de Galicia, pretende ser unha folla de ruta para dispoñer dun sistema de arquivos máis eficiente no que se optimice a xestión e a coordinación entre os distintos axentes implicados. É un modelo para exportar a outras administracións.

Está prevista a creación dun Comité para ver as medidas do Plan, xunto coa Dirección Xeral de Avaliación Administrativa e grupos de traballo para partes específicas.

O Plan divídese en 3 liñas e 7 obxectivos estratéxicos e nel detállanse as accións a levar en cada un deles, xunto cos axentes clave implicados, os instrumentos e as vías para desenvolverlos.

M^a del Carmen Calviño comenta que a partir de agora contactaremos cos axentes que consideramos clave, como AMTEGA, DXARA, as consellerías... para nomear un interlocutor



co obxectivo de iniciar a execución das distintas accións que conforman os obxectivos estratéxicos.

Alfonso Cascudo di que é imprescindible abordar a creación e dotación de prazas nos arquivos centrais e territoriais.

M^a del Carmen Calviño contesta que o obxectivo estratéxico 1.1. do Plan, que leva por título dotar e ordenar os cadros de persoal, contempla unha actuación específica que consiste na análise das necesidades do persoal do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia. Esta actuación é a primeira que hai que facer antes de meterse a modificar ningunha RPT.

Jesús Oitavén felicita ao grupo que traballou neste documento que se materializou coa aprobación do Plan polo Consello da Xunta e reitera que para ordenar os recursos humanos hai que partir dunha análise previa, e que o instrumento adecuado para esa ordenación non é o Plan, senón unha RPT.

4. Presentación do proxecto “Memoria e Concordia”

A continuación Anxo Lorenzo presenta o proxecto Memoria e Concordia, que se iniciou no ano 2020 e que segue a desenvolver a consellería a través da Secretaría Xeral de Cultura. É un proxecto que se enmarca nas actuais políticas de memoria democrática, a través do cal se pretende identificar os fondos documentais que se custodian nos arquivos históricos xestionados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, relacionados cos episodios históricos do golpe de Estado, Guerra civil española e ditadura franquista ata 1978, a fin de dixitalizalos e poñelos a disposición da cidadanía a través de Galiciana, Arquivo Dixital de Galicia.

Preténdese deste xeito facilitar a canalización de demandas de información da sociedade civil e incentivar, tanto a participación como a reflexión cidadá en relación cos feitos históricos sinalados.

Os documentos obxecto desta acción custódanse nos arquivos históricos xestionados pola Xunta de Galicia:

Con este proxecto realizáronse un total de **273.796 imaxes** que se custodian no repositorio de preservación. Todas elas están accesibles a través do Arquivo Dixital de Galicia, no micrositio Memoria e Concordia.

Pasa a palabra a Mar García que explica a estrutura e o contido deste espazo dentro do Arquivo Dixital.

O secretario xeral agradece o traballo realizado polos arquivos históricos e ao Arquivo de Galicia pola coordinación do proxecto.

A representante de EXPONAV pregunta si as imaxes do Arquivo Dixital son de libre acceso. Contesta a subdirectora xeral que si, sempre que non sexa con fins lucrativos, que se cite a procedencia do documento e que non se modifique a imaxe orixinal.

5. Informe sobre a actividade do Consello de Avaliación Documental de Galicia

Anxo Lorenzo pasa a palabra a subdirectora xeral que comenta sobre este asunto, expón os datos totais e lembra que os informes presentados neste Consello están dispoñibles no Portal de Arquivos de Galicia.



O informe recolle a actividade deste Consello dende o seu comezo, no ano 2016, ata o día de hoxe. De todas as funcións que desenvolve o Consello, neste informe recóllense basicamente 3 actuacións:

- As propostas de Avaliación documental
- A elaboración das Táboas de avaliación e a súa publicación no DOG
- As propostas de eliminación de documentos recibidas

O informe presenta unha relación detallada das táboas de avaliación documental agrupadas por administracións (autonómica local universidades), así como as datas de publicación no DOG e os enlaces ao Portal de Arquivos de Galicia onde se poden consultar e descargar os informes e documentos do Consello.

A representante do Consello de Contas pregunta como está a situación da documentación dunha Táboa de eliminación parcial aprobada no Consello de Avaliación do Consello de Contas no ano 2017 e que no Consello de Avaliación Documental de Galicia ditaminouse de conservación permanente. A finais de 2019 aprobouse o seu traslado ao Arquivo de Galicia. M^a del Carmen Calviño contesta que o proceso xa está en marcha, practicamente rematado.

Pásase ao seguinte punto da orde do día:

6. Informe sobre a protección do Patrimonio. Axudas aos arquivos de Galicia

A continuación o Secretario Xeral de Cultura pasa a palabra a Marisé Piñón, xefa do Servizo do Sistema de Arquivos que presenta o informe sobre as actuacións dirixidas á protección do patrimonio:

Este informe, que se presentou no Consello da Xunta, recolle a relación completa de entidades e as contías adxudicadas aos arquivos das entidades locais e das entidades sen ánimo de lucro dende o ano 2009 ata 2022.

A finalidade das axudas é a organización e descrición documental, equipamento e mellora dos locais dos arquivos, restauración e dixitalización de documentos.

A información está agrupada en dous períodos:

1. Dende o ano 2009 ata 2012, onde as axudas se canalizan a través de convenios de colaboración
2. De 2013 ata 2022. Neste ano iníciase a publicación dunha orde de axudas.

A partir do ano 2017, co incremento dos proxectos de dixitalización de fondos documentais, estas axudas céntranse na descrición normalizada, fase previa imprescindible para unha correcta dixitalización e difusión dos obxecto dixitais.

A convocatoria do ano 2022 tivo unha contía total de 145.000€, dos que 110.000€ son para arquivos da administración local e 35.000€ para arquivos de entidades sen fin de lucro. Recibiron axuda 20 concellos e 7 entidades. O día 31 de outubro rematou o prazo para a xustificación das axudas e estanse tramitando os pagos.

Actualmente estase a tramitar a convocatoria de 2023 polo procedemento de tramitación anticipada. A contía total é de 145.000€ (110.000€ para arquivos da administración local e 35.000€ para arquivos de entidades sen ánimo de lucro). Está prevista a publicación da convocatoria a finais deste mes ou principios de decembro.





7. Directrices para a substitución de documentos orixinais en papel por copias electrónicas auténticas.

O presidente presenta as directrices a seguir en relación coa eliminación de documentos presentados e non recollidos por las persoas titulares nas oficinas de rexistro físico para a súa incorporación a un servizo electrónico.

Pasa a palabra a M^a del Carmen Calviño, que comenta que algúns rexistros físicos, especialmente na administración local, teñen problema cos documentos que se presentan e non se recollen por parte dos particulares. En xeral, estes documentos se escanean e se devolven no momento, salvo casos aislados. Se non se recollen, o rexistro debe conservalos durante 6 meses, pero unha vez rematado o prazo non saben cal é o procedemento a seguir. Si se eliminan no propio rexistro ou si teñen que pasar polo ditame do Consello de Avaliación Documental.

A proposta consultouse no Grupo de traballo, quen, tendo en conta o marco normativo de referencia, propón que estas eliminacións non teñan que pasar por este órgano de avaliación documental, polo que sometemos a aprobación deste consello o documento coas directrices a seguir e elevar proposta ao Consello de Avaliación Documental de Galicia.

José Luis Mínguez comenta que hai un erro na numeración dos apartados, no punto 2.2 "outras eliminacións", debe poñer 2.1.

Acórdase corrixir a numeración e elevar estas directrices ao Consello de Avaliación Documental de Galicia.

8. Rolda de intervencións

Anxo Lorenzo adianta que se vai a editar un libro sobre Galiciana. Arquivo Dixital, que incluírá os proxectos de dixitalización dende o ano 2016.

Acordos:

1. Aprobar a acta da sesión anterior
2. Elevar as directrices para a substitución de documentos orixinais en papel por copias electrónicas auténticas ao Consello de Avaliación Documental de Galicia.

Santiago de Compostela,

Vº e Prace,

A secretaria

O vicepresidente 1º

M^a Josefa Piñón López

Anxo M. Lorenzo Suárez

